

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Proceso selectivo. Declaración de continuación do procedemento

ANUNCIO

Expediente: 2020/E001/000003

A concelleira-delegada de Área no procedemento de referencia ditou o Decreto 666/2020, do 27 de maio, que literalmente di:

“ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto n.º 628/2020, do 15 de maio, a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego resolveu efectuar a convocatoria e aprobar as bases para a contratación laboral temporal do persoal do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio de 2020 (PEL-Concellos) segundo subvención outorgada pola Deputación da Coruña. A convocatoria e as bases foron publicadas no BOP nº 71, de 22 de maio de 2020.

A través do Decreto 463/2020, do 14 de marzo, foi declarado o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID 19.

A disposición adicional terceira do dito Real decreto establece con carácter xenérico a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público durante o estado de alarma e as súas prórrogas, aínda que o Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, de prórroga do estado de alarma, dispón no seu artigo 9 a reanudación dos prazos administrativos desde o 01/06/2020.

A disposición adicional terceira.4 do Real decreto 463/2020, sinala o seguinte:

“4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas ao estado de alarma, ou que sexan indispensables para o funcionamento básico dos servizos.”

Este apartado evidencia que a norma recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos e prazos do sector público. En concreto, para procedementos das diferentes entidades do sector público que se realicen co fin de asegurar o funcionamento básico dos servizos que os cidadáns necesitan. A satisfacción das necesidades de interese público máis esenciais permite que, tamén neste caso, poida acordarse, sempre de forma motivada, a continuación dos procedementos.

No presente suposto, o procedemento selectivo resulta necesario para levar a cabo as actuacións subvencionables (funcionamento básico dos servizos).

Dado que na inicial resolución non se alzou expresamente a suspensión, procede facelo agora, concedendo un novo prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da validez das xa presentadas.

Igualmente resulta preciso corrixir un erro padecido no anuncio das presentes bases.

FUNDAMENTOS LEGAIS

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. (RDLexislativo 5/2015, de 30 de outubro) (EBEP)
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

- Decreto 993/2019, do 24 de xuño, de delegación de competencias en diversos membros da Corporación (BOP nº 121, do 28 de xuño).

- Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

- Artigo 9 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio.

-Artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que faculta ás administracións públicas para rectificar en calquera momento, de oficio ou por solicitude dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo iso, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

1º.- Declarar a continuación do procedemento selectivo para a contratación do persoal do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2020 (PEL-Concellos) para garantir o funcionamento básico dos servizos.

2º.- Reabrir o prazo de presentación de solicitudes por un novo prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no BOP.

As solicitudes presentadas durante o anterior prazo serán válidas e non teñen que ser reiteradas.

3º) Corrixir o encabezado do anuncio do BOP nº 71, do 22/05/2020, nos seguintes termos:

Onde di:

“Mediante o decreto nº 628/2020, do 15 de maio, a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, efectuou a convocatoria das subvencións que se indica, con suxeición ás seguintes...”;

Debe dicir:

“Mediante o Decreto nº 628/2020, do 15 de maio, a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria do proceso selectivo que se indica con suxeición ás seguintes...”.

4º) Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

As Pontes de García Rodríguez, 27 de maio de 2020

A concelleira-delegada especial de Organización Interna e Medios Locais

Lorena Tenreiro Blanco

2020/3054